

Acta da Comisión Permanente do día 12 de abril de 2011

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 12/04/2011.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 12/04/2011.
- III. Títulos e tribunais de proxectos fin de carreira aprobados por esta Comisión Permanente.
- IV. Documentación referente á solicitude de validación de actividades por créditos de libre elección.

Ábrese a sesión ás 12 horas e 32 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: 28 de febreiro de 2011.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta correspondente a sesión celebrada o día 28 de febreiro de 2011.

2. Aprobación, se procede, da validación/adaptación de materias.

Ao non ter ningunha solicitude presentada, pásase ao seguinte punto na orde do día.

3. Aprobación, se procede, de títulos e tribunais de proxectos fin de carreira.

A Comisión acorda aprobar os títulos e tribunais de proxecto fin de carreira que se relacionan no anexo III.

4. Validación, se procede, de cursos/actividades por créditos de libre elección.

- ❖ A Comisión acorda a validación de 3 créditos de libre elección para os alumnos que colaboraron activamente na organización dos actos correspondentes á "Semana Cultural Santa Bárbara 2010", cunha dedicación de 45 horas, e que son: Diego Faro Malvar, Diego Oliveria Aboi, Raúl Giráldez Moreira, Javier Silveira Loureiro, Gema Gómez Pérez, Álvaro Rodríguez Domínguez, Álvaro Arufe López, Laura Gómez Pereira, Alexandre Casal Etxevarría e David Fernández Rodríguez. En relación á validación de saídas organizadas pola SMG de mais de un día de duración, a Comisión acorda a validación de 0,5 créditos de libre elección por visita e día.
- ❖ En relación á validación de saídas organizadas pola SMG para os alumnos dos graos, a Comisión acorda estudar o tema e elevar unha proposta de validación xeral de créditos de libre elección para os estudos de grao, para que sexa aprobada en Xunta de Escola.
- ❖ En relación á solicitude presentada sobre a validación dun curso de Primeros Auxilios organizado por "Cruz Roja Española" cunha duración de 42 horas, a Comisión acorda, segundo criterios adoptados con anterioridade, conceder unha validación de 1 crédito de libre elección.

- ❖ En relación á reclamación sobre a denegación de recoñecemento de créditos de libre elección por prácticas en empresa dos alumnos:

, na que solicitaban a revisión do seu expediente argumentando que outros alumnos obtiveron o recoñecemento como prácticas en empresa pola realización dun traballo similar, a Comisión Permanente, logo de repasar os distintos precedentes, acordou ratificar a denegación da validación de créditos de libre elección como prácticas en empresas por traballos realizados para o Concello de Mos, baseando a súa decisión en que os traballos validados con anterioridade foron os realizados antes da aprobación do Regulamento de Prácticas en Empresa desta Escola, e os traballos realizados por estes tres alumnos foron realizados no ano 2010.

A documentación referida a este punto 4 da orde do día achégase a esta acta como anexo IV.

5. Admisión a trámite, se procede, de solicitudes de Avaliación Curricular, e nomeamento das Comisións de Avaliación.

A Comisión acorda admitir a trámite as seguintes solicitudes de avaliación curricular:

ALUMNO	MATERIA	ÁREA AFECTADA
	309110305 – Máquinas eléctricas	Enxeñaría eléctrica
	309110201 – Cálculo III	Matemática aplicada
	309110305 – Máquinas eléctricas	Enxeñaría eléctrica
	309110532 – Electrificación e tracción de minas	Enxeñaría eléctrica
	309110305 – Máquinas eléctricas	Enxeñaría eléctrica

A Comisión nomea á seguinte comisión para xulgar a avaliación curricular solicitada por :

ÁREA	PROFESOR
Titular: 600 Mecánica de fluídos Suplente: 720 Proxectos	Titular: Dona Secundina García Conde Suplente: Dona Itziar Goicoechea Castaño
Titular: 535 Enxeñaría eléctrica Suplente: 065 Ciencia dos materiais	Titular: Don Antonio Quicler Costas Suplente: Dona Julia Cristobal Ortega
Titular: 710 Prospección e investigación mineira Suplente: 590 Máquinas e motores térmicos	Titular: Don Enrique Orche García Suplente: Don Fernando Cerdeira Pérez
Titular: 280 Estratigrafía Suplente: 545 Mecánica	Titular: Don José Bienvenido Díez Ferrer Suplente: Don Gerardo Peláez Lourido
Titular: Área afectada Suplente: Área afectada	Titular: Profesor designado por el área Suplente: Profesor designado por el área
Alumno designado polo solicitante	Titular: Raúl Giráldez Moreira

Para xulgar a o resto das avaliacións curriculares, a comisión nomea aos seguintes membros:

ÁREA	PROFESOR
Titular: 600 Mecánica de fluídos Suplente: 720 Proxectos	Titular: Dona Secundina García Conde Suplente: Dona Itziar Goicoechea Castaño
Titular: 650 Organización de empresas Suplente: 065 Ciencia dos materiais	Titular: Don Miguel Ángel Comesaña Benavides Suplente: Dona Julia Cristobal Ortega
Titular: 710 Prospección e investigación mineira Suplente: 590 Máquinas e motores térmicos	Titular: Don Enrique Orche García Suplente: Don Fernando Cerdeira Pérez
Titular: 280 Estratigrafía Suplente: 545 Mecánica	Titular: Don José Bienvenido Díez Ferrer Suplente: Don Gerardo Peláez Lourido
Titular: Área afectada Suplente: Área afectada	Titular: Profesor designado por el área Suplente: Profesor designado por el área
Alumnos	Titular: designado polo solicitante Suplente: designado polo solicitante

6. Aceptación, se procede, de modificación da guía docente da materia "Química" dos graos impartidos na Escola.

A partir das manifestacións realizadas polos alumnos de 1º de grao directamente á Dirección, ou ben a través da Delegación de Alumnos ou do plan de acción tutorial, se propón a modificación da guía docente da materia "Química".

Este tema ponse en coñecemento dos profesores responsables da mesma.

Tras unha exposición de motivos por parte de Antonio e José María Correa que acudiron como invitados á comisión permanente, e o posterior debate, a Comisión Permanente acorda a modificación da guía docente da materia "Química" de maneira que as novas porcentaxes de valoración dentro do sistema de avaliación quedan do seguinte xeito:

- Traballos de aula 10% (antes 15%).
- Entregas avaliadas 15% (antes 35%)
- Controles finais de tema 25% (antes 25%)
- Exame final 50% (antes 25%)

7. Rogos e preguntas.

Non se producen intervencións.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 47 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, doce de abril de dous mil once.

Vº e prace

O Presidente

O Secretario

ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 12/04/2011

ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 12/04/2011

Asistentes á Comisión Permanente do 12 de abril de 2011
Presidente da Comisión
Pedro Arias Sánchez
Secretario
Enrique Granada Álvarez
Subdirector
José Benito Vázquez Dorrió
Profesorado
María Araújo Fernández
Ángeles Saavedra González
Fernando García Bastante
Carmen Pérez Pérez
Alumnos
David Fernández Rodríguez
Manuel Alejandro González Fernández
Miguel Blanco Bello
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez

Excusa a súa asitencia o profesor Fernando Cerdeira Pérez

Asisten como invitados os profesores: Antonio Correa Otero e José M^a Correa Otero.

ANEXO III
Títulos e tribunais de proxectos fin de carreira aprobados
por esta Comisión Permanente

ANEXO IV

Documentación referida á solicitude de validación de actividades por créditos de libre elección

PRECEDENTES DE VALIDACIÓN COMO PRÁCTICAS EN EMPRESAS DE TRABALLOS REALIZADOS PARA O CONCELLO DE MOS

- Don Jaime García Bernárdez: Realizou os traballos entre o 23 de outubro de 2006 e o 24 de marzo de 2007. No ano 2006 aínda non se aprobara o Regulamento de Prácticas en Empresas para a titulación de Enxeñaría de Minas e a súa validación tramitouse polo procedemento anterior (PR1, PR2, PR3 e o PR4 substituída pola valoración do titor asignado pola Escola)
- Don David Posada Durán: Realizou os traballos entre o 23 de outubro de 2006 e o 24 de marzo de 2007. (Ver expediente de de Jaime García Bernardez)
- Don Miguel Ángel Iglesias Piñeiro: Realizou os traballos entre o 23 de outubro de 2006 e o 24 de marzo de 2007. (Ver expediente de de Jaime García Bernardez)
- Don Javier Posada Durán: Se é que realizou ditos traballos, no seu expediente non consta, xa que non solicitou a súa validación. Validou as prácticas realizadas na empresa: EMISIÓN 0.
- Dona Sandra Fernández Álvarez: Se é que realizou ditos traballos, no seu expediente non consta, xa que non solicitou a súa validación.